



Reglamento

XXXIV Milla Urbana

Concello de Ares:



- A proba denomínase XXXIV Milla Urbana Concello de Ares. E unha proba oficial da FGA, con distancia non homologada.
- A proba pertence ao XII Circuito de Carreiras da Deputación da Coruña.
- Terá lugar o sábado 8 de agosto, dende as 11 horas na Praza da Igrexa e ao longo do paseo marítimo de Ares. O recorrido é totalmente cha e dispónse nun circuito de ida e volta de iguais dimensións sobre o que íranse cubrindo as distancias de cada unha das categorías que son as que seguen.
- Haberá categorías tanto masculinas como femininas.
- Ata prebenxamíns, incluídos entregarase unha medalla a cada participante e non existirá clasificación oficial nesas probas correndo todos os participantes co dorsal número 01.
- Dende benxamíns ata veteranos 4, haberá pódium das probas, con entrega de medallas aos/as 1, 2, e 3 clasificados/as en cada categoría tanto en masculinos como en femininos.
- Haberá trofeo ao gañador absoluto e á gañadora absoluta da proba, así como ao corredor/a máis xove e ao/a máis veterán.
- As inscricións faranse a través da páxina web da Federación Galega de Atletismo, rematando o prazo ás 23.59 horas do domingo 2 de agosto. Os dorsais poderán retirarse o xoves 6 e o venres 7 de agosto de 9 a 13 horas na Alianza Aresana, ou o mesmo sábado no mesmo lugar ata media hora antes do comezo de cada proba. Non poderán tramitarse inscricións o mesmo día. O custe da inscrición é de 3€ a partir da categoría Xunior incluída e ata Master 4. E de balde no resto das categorías.
- As persoas non inscritas oficialmente e que tomen parte da carreira a modo particular, sin ser autorizadas polo organizador, non están amparadas polos seguros da proba. A FGA non farase responsable dos danos que estas persoas poidan causar ou causarse.
- As reclamacións referentes aos resultados oficiais, deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.
- Será motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuito da carreira, non levar dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais, competir co dorsal doutras persoas.
- Os atletas con licenza pola FGA, deberán competir ca camiseta oficial do seu Club.
- Os atletas con licenza federativa, terán que aterse ao Regulamento de Disciplina Deportiva vixente.
- No restante seguirase a normativa de aplicación no XII Circuito de Carreiras da Deputación da Coruña, tanto no tocante ao réxime disciplinario como a o de premios
- Todo o non disposto na presente normativa rexerase polas normas de competición da FGA, RFEA e WA para a presente tempada, así como todo o regulamento por instancias superiores.
- **SERVIZOS:** Persoal sanitario, ambulancia, zona hidratación. A proba conta cun seguro de Responsabilidade Civil e un seguro de accidentes deportivos para os participantes.

	ANO DE NACEMENTO	DISTANCIAS (METROS)	HORARIO ESTIMADO *
Prebiberóns	2023	50 (liña recta ata a meta)	11.05
Biberóns	2021-22	100 (liña recta ata a meta)	11.07
Prebenxamíns	2019-20	250 (xiro 125m)	11.10
Benxamíns/ sub10	2017-18	500 (xiro 250m)	11.20
Alevíns/ sub12	2015-16	800 (xiro 400m)	11.30
Infantís/sub14	2013-14	1000 (xiro 500m)	11.40
Cadetes/sub16	2011-12	1600 (xiro 800m)	11.50
Xuvenís/sub18	2009-10	1600 (xiro 800m)	11.50
Xuniors/sub20	2007-08	1600 (xiro 800m)	12.00
Promesa/sub23	2004-06	1600 (xiro 800m)	12.00
Seniors	1992-2003	1600 (xiro 800m)	12.00
Máster 1	1986-1991	1600 (xiro 800m)	12.00
Máster 2	1976-1985	1600 (xiro 800m)	12.10
Máster 3	1966-1975	1600 (xiro 800m)	12.20
Máster 4	Antes do 1966	1600 (xiro 800m)	12.30

***O horario definitivo de saída de cada carreira publicarase na web do concello de Ares, así como na info da proba no portal Carreiras Galegas, unha vez se peche o prazo de inscrición.**



NOTA: Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil, así como a xestión da licenza de día de ránking popular e probas de ruta. En todo caso e tal como establece a Lei de Protección de datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Praza Agustín Díaz, s/n. 15008. A Coruña.